

Instrucións para cubrir a declaración da desagregación de cotas

Este documento deberase cubrir á máquina ou utilizando bolígrafo sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

Se é necesario utilizar máis dunha folla, indícarase o número de orde do total do número de follas.

Código de oficina xestora: indícaranse os dous díxitos correspondentes á delegación da AEAT da oficina xestora de impostos especiais.

Identificación do suxeito pasivo: identificarase o NIF e o nome e apelidos ou razón social do suxeito pasivo autorizado polo centro xestor para a centralización de ingresos.

Devengo: trasladaranse os datos consignados ao respecto na correspondente declaración-liquidación centralizada.

Desagregación de cotas centralizadas: as cantidades expresaranse en euros, cun máximo de dúas cifras decimais, redondeando por defecto ou por exceso, segundo que a terceira cifra decimal sexa, ou non, inferior a 5.

Código de actividade e de establecemento (en diante CAE): por delegacións da AEAT, consígnaranse os CAE dos establecementos do suxeito pasivo, que comprende a autorización de centralización (os caracteres sexto e sétimo do CAE identifican a oficina xestora).

Epígrafe: deberanse consignar as epígrafes correspondentes aos produtos a que afecta a dedución.

Cota íntegra: indícarase a cota íntegra correspondente a cada CAE para cada unha das epígrafes. Declararase unha única vez por CAE e epígrafe.

Minoracións da cota:

Concepto: este recadro cubrirase:

Cando o suxeito pasivo aplique as deducións da cota previstas na normativa de impostos especiais. Neste caso deberá indicar o artigo e o punto da Lei 38/1992, de impostos especiais, que autoriza a realizar a dedución, de acordo coa seguinte codificación:

A. Artigo 51.3 segundo redacción vixente o 31-12-2002. Réxime transitorio das exencións do imposto sobre hidrocarburos en actividades piloto para o desenvolvemento tecnolóxico de produtos menos contaminantes, previsto na disposición transitoria sexta da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

B. Artigo 52.d).

Importe: deberase indicar o montante que se teña que deducir correspondente a cada CAE por concepto e epígrafe. Se non fose posible a súa desagregación consígnarase ao final do documento, no espazo previsto para o efecto.

Minoracións da cota non imputables aos CAE: este recadro cubrirase:

Cando o suxeito pasivo aplique as deducións da cota previstas na normativa de impostos especiais e non sexa posible a súa desagregación. Neste caso deberanse cubrir os recadros epígrafes, importe e concepto e indicar, neste último recadro, a letra A - artigo 51.3 segundo redacción vixente en 31-12-2002. Réxime transitorio das exencións do imposto sobre hidrocarburos en actividades piloto para o desenvolvemento tecnolóxico de produtos menos contaminantes, previsto na disposición transitoria sexta da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Cota líquida: será a diferenza entre cota íntegra e deducións por CAE. Declararase unha única vez por CAE e epígrafe.

O documento deberá ser suscrito polo suxeito pasivo e presentarse conxuntamente coa declaración-liquida-

ción centralizada e as declaracións de operacións que proceda, na oficina xestora do domicilio fiscal, salvo que a súa presentación se realice pola internet igual que a correspondente declaración-liquidación centralizada

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11750 *REAL DECRETO 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea. («BOE» 162, do 8-7-2005.)*

Tras a publicación do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea, que constitúe o desenvolvemento regulamentario da disposición derradeira terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a Xeneralidade de Cataluña interpuxo ante o Goberno un requirimento previo de incompetencia por entender que a citada disposición non se axustaba á repartición constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. O Goberno, mediante o Acordo do 11 de xuño de 2004, aceptou parcialmente o dito requirimento e acordou ao mesmo tempo iniciar un proceso de revisión do réxime da taxa láctea para establecer unha nova normativa respectuosa co citado réxime de distribución de competencias.

Por tanto, este real decreto ten como obxecto principal dar cumprimento ao citado acordo do Goberno, mediante o establecemento dun novo marco de asignación de funcións entre as autoridades competentes das comunidades autónomas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na aplicación do réxime da taxa láctea. A este respecto, os órganos competentes das comunidades autónomas serán a autoridade competente en todo o relativo á xestión e control do réxime, respecto dos produtores e dos compradores cuxas explotacións ou cuxa sede social se encontre no seu ámbito territorial. Todo isto dentro do marco global de responsabilidades, no cal lle corresponde ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do Fondo Español de Garantía Agraria, a competencia na coordinación de actuacións, así como o establecemento das condicións básicas de funcionamento do sistema de control, a comprobación da superación da cantidade de referencia nacional de cota láctea asignada a España e a práctica das liquidacións correspondentes en caso de superación da cota.

A complexa natureza do sector lácteo en España aconsella que a plena vixencia deste novo marco regulador teña lugar tras un período transitorio que se prolongue ata o final do período de taxa 2006/2007. Así mesmo, é necesario que este proceso vaia acompañado de mecanismos eficaces de coordinación que permitan unha aplicación efectiva do réxime de taxa. Para iso créase unha mesa de coordinación coa participación de representantes das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como un sistema de información que garanta a unicidade de toda a información que sobre o réxime de taxa deben dispor todas as administracións implicadas.

A experiencia adquirida tras a entrada en vigor do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, aconsella aproveitar o proceso de revisión antes mencionado para modificar determinados dos seus preceptos, de carácter técnico, que permitirán unha aplicación máis eficaz da norma. Estes preceptos refírense fundamentalmente a

determinados requisitos e procedementos que afectan produtores e compradores.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xuño de 2005,

DISP O Ñ O:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación do réxime da taxa láctea en España, así como o sistema da súa xestión, recadación e control.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, son de aplicación as definicións contidas no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establece unha taxa no sector do leite e os produtos lácteos, as recollidas no artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e, ademais, as seguintes:

a) Leite normalizado en graxa: é o leite cunha cantidade de graxa de 36,37 g/kg.

b) Equivalentes en leite doutros produtos lácteos: é a cantidade de leite normalizado en graxa necesario para a fabricación dunha unidade do produto lácteo de que se trate e que, para os efectos deste real decreto, son as que se recollen no anexo I.

c) Contido en graxa ou contido graxo do leite: é a cantidade de materia graxa que forma parte da composición do leite, expresada en tanto por cento en peso, con dous decimais.

d) Contido representativo en graxa dun produto lácteo: é a cantidade de materia graxa procedente de leite de vaca que forma parte do produto lácteo, expresada en tanto por cento en peso, con dous decimais.

e) Produtor: o gandeiro, persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, cuxa explotación estea situada no territorio español, que produza e comercialice leite ou se prepare para facelo a moi curto prazo.

f) Explotación: o conxunto de unidades de produción xestionadas polo produtor e situadas no territorio español. Cada unidade de produción disporá do correspondente código de identificación de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

g) No marco da definición de comprador establecida no artigo 5.e) do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, distínguese entre:

1.º Comprador comercializador: é o comprador autorizado que lles compra leite unicamente a produtores para a súa posterior venda exclusivamente a compradores transformadores, operadores loxísticos e a industriais, e que só pode realizar simples operacións de almacenamento, transporte e refrixeración do leite.

2.º Comprador transformador: é o comprador autorizado a comprar leite a produtores e a compradores comercializadores ou, de ser o caso, a outros comprado-

res transformadores ou industriais para destinalo fundamentalmente ao seu tratamento ou para transformalo, xa sexa por métodos industriais ou artesanais, noutros produtos lácteos. Non se consideran tratamento nin transformación do leite as simples operacións de almacenamento, transporte e refrixeración.

3.º Comprador transformador artesán: é o comprador transformador, de acordo coa definición establecida no parágrafo anterior, que en cada período adquire leite, como máximo, a 10 produtores, por unha cantidade total non superior a 600.000 quilogramos, incluída o adquirido a outros suxeitos distintos dos produtores.

4.º Operador loxístico: é o comprador autorizado que lles compra leite a produtores e compradores comercializadores, para a súa venda exclusivamente aos industriais que pertencen ao seu mesmo grupo ou grupos de sociedades, de acordo co establecido no artigo 42 do Código de comercio e nos artigos 1 a 4 do Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas.

h) Industriais: son as persoas físicas ou xurídicas que lles compran leite a compradores comercializadores ou, de ser o caso, a compradores transformadores para tratalo ou transformalo industrialmente en produtos lácteos ou noutros produtos. Non se consideran tratamento nin transformación industrial do leite as simples operacións de almacenamento, transporte e refrixeración.

i) Transportista: é a persoa física ou xurídica que realice a actividade de transporte de leite ou produtos lácteos, xa sexa por conta propia ou allea.

j) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre a sede social do comprador ou en que estea asentada a explotación do produtor ou, no caso de que esta teña unidades de produción en varias comunidades autónomas, o da comunidade autónoma en que se encontre o maior número de animais destinados á produción de leite.

Artigo 3. *Concepto e natureza da taxa láctea.*

1. A taxa láctea é unha exacción parafiscal, das previstas na disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Constitúe o feito imponible da taxa láctea:

a) A produción e comercialización de leite polos produtores por riba da cantidade de referencia individual, sempre que se cumpra o suposto recollido no artigo 1.1 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

b) A comercialización de leite polos operadores no sector do leite e os produtos lácteos sen acreditar documentalmente a súa orixe ou o seu destino.

c) Non declarar unha determinada cantidade de leite cando se estea obrigado a declárala ou a súa declaración se realice de forma inexacta.

d) A comercialización de leite por compradores sen autorización e polos restantes suxeitos a que se refire o artigo 5.3.

3. Os produtores son os suxeitos pasivos contribuíntes da taxa láctea, e os compradores son os suxeitos pasivos substitutos obrigados ao seu pagamento.

Os produtores con cota de vendas directas, ademais de suxeitos pasivos contribuíntes, estarán tamén obrigados ao pagamento da taxa láctea que lles corresponda.

4. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos contribuíntes e estarán obrigados ao pagamento da taxa:

a) Os compradores autorizados, polas cantidades que adquiran aos produtores e non as declaren ou as declaren de forma inexacta.

b) Os produtores, nos seguintes supostos:

1.º Por todo o leite producido e comercializado sen ter asignada cantidade de referencia individual.

2.º Por todo o leite vendido a compradores non autorizados.

3.º Por todo o leite non declarado por ningún comprador, cuxo destino non xustifiquen documentalmente.

Para estes efectos, a autoridade competente poderá, baseándose en criterios obxectivos, establecer o leite producido en función do número de cabezas da explotación e consideralo comercializado, salvo proba en contrario.

c) Os compradores non autorizados, por todo o leite que adquiran a produtores.

d) Por último, as persoas físicas ou xurídicas que interveñan no mercado de leite, respecto das cantidades que comercialicen ou teñan no seu poder, sempre que non poidan acreditar documentalmente a súa procedencia e por todas as adquiridas a compradores non autorizados.

5. A base liquidable da taxa láctea é o exceso de leite corrixido en graxa, entregado durante o período de taxa láctea por cada produtor, respecto da cantidade de referencia individual, despois de aplicar o sistemade compensación establecido neste real decreto.

Nos supostos a que se refire o punto 4, a base liquidable determinarase pola cantidade total. Cando concorran varios suxeitos pasivos nun mesmo feito imponible, a cantidade por pagar exixirase solidariamente a calquera deles.

6. O tipo de gravame da taxa láctea é o establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

7. A taxa láctea devengarase anualmente o día 31 de marzo, ao final de cada período, e exixirase conforme o disposto neste real decreto, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, e na súa normativa de aplicación.

8. O importe por pagar da taxa láctea en período voluntario aboarase conforme o establecido no artigo 33, deducidas as retencións á conta practicadas segundo este real decreto.

9. A taxa láctea constitúe un ingreso do orzamento comunitario na parte que corresponde á superación da cantidade de referencia nacional asignada a España ao longo dun período determinado. Constitúe un ingreso do orzamento nacional, aplicable ao financiamento de actuacións de mellora no sector lácteo, nos demais casos.

CAPÍTULO II

Produción e comercialización do leite

Artigo 4. *Destino e comercialización do leite producido.*

1. De conformidade coa normativa comunitaria, os produtores poderanlles dar ao leite e aos produtos lácteos obtidos nas súas explotacións os seguintes destinos:

- a) Venda directa ao consumo ou cesión gratuíta.
- b) Entregas a compradores autorizados.
- c) Autoconsumo.

2. Todo o leite producido, deducido o autoconsumo, en todas as súas fases e con independencia do seu destino final, queda sometido ao réxime da taxa láctea,

incluído o que fose doado ou cedido gratuitamente. Para tal efecto, considerarase autoconsumo o leite que se utilice para lactación de becerros na explotación, sempre que quede suficientemente probada; terá un límite máximo de 10 quilogramos por becerro e día de presenza na explotación, durante un período máximo de 150 días. Será tamén considerado autoconsumo o leite destinado á alimentación familiar na explotación en cantidade dun quilogramo por persoa e día e ata un máximo de 10 quilogramos diarios por explotación.

3. Calquera outra persoa física ou xurídica que interveña no sector lácteo diferente dos produtores e dos suxeitos regulados nas alíneas g), h) e i) do artigo 2, que comercialice ou teña no seu poder leite ou outros produtos lácteos, será considerada, para os efectos da aplicación do réxime da taxa láctea, produtor sen cantidade de referencia individual por todo o leite que comercialice, con independencia de que acredite a súa orixe.

4. Cando se deba proceder á destrución do leite conforme o disposto na normativa de aplicación, deberáse documentar con referencia de data, lugar, cantidade e procedencia.

CAPÍTULO III

Réxime de vendas directas

Artigo 5. *Obrigas dos produtores.*

1. Poderán efectuar vendas directas ao consumo os produtores que teñan asignada unha cota para a venda directa de leite e produtos lácteos.

2. Os ditos produtores están obrigados a documentar as súas vendas cos requisitos seguintes:

a) Levar unha contabilidade material por cada período de taxa láctea, desagregada por meses e produtos, das cantidades de leite e de produtos lácteos vendidos directamente ao consumo, a maioristas, a afinadores de queixo, a retalistas e, de ser o caso, das destinadas ao autoconsumo, que conteña polo menos a información recollida no anexo II. Non obstante, poderá ser levada a cabo por calquera outro sistema informático, sempre que achegue o mesmo contido con igual grao de detalle.

b) Conservar durante tres anos, contados a partir do final do ano da súa elaboración ou expedición, a contabilidade a que se refire o parágrafo precedente e toda a documentación comercial das vendas realizadas, como xustificante delas: albarás, facturas, comprobantes, extractos bancarios, etc.

c) Os recollidos no seguinte artigo.

Artigo 6. *Declaracións anuais.*

1. Todos os anos, no prazo comprendido entre o día 1 de abril e o día 14 de maio ou o inmediato hábil anterior, en caso de ser festivo, os produtores con asignación de cantidade de referencia individual de venda directa presentaranlle á autoridade competente da súa comunidade autónoma unha declaración completa e exacta das cantidades de leite e de equivalentes de leite vendidas directamente ao consumo ou a maioristas, afinadores de queixo ou retalistas, segundo o modelo que a dita autoridade estableza, que conterà, polo menos, a información recollida no anexo III, en que constarán, de ser o caso, as cantidades autoconsumidas ou cedidas gratuitamente. As consecuencias do incumprimento do dito prazo serán as previstas na normativa comunitaria.

No caso de que non tivesen efectuado vendas directas no período, os produtores deberán facer constar na declaración.

2. Na declaración dos anos bisestos, as cantidades a que se refire o punto 1 axustaranse, reducindo un sesentavo as correspondentes aos meses de febreiro e marzo ou un trescentos sesenta e seisavo as vendas durante o período completo de taxa láctea.

Artigo 7. *Compensacións.*

1. Ao final de cada período de taxa láctea, efectuarase a compensación dos excesos declarados polos produtores coa cantidade de referencia nacional de vendas directas non utilizada polos restantes, incluída a reserva nacional.

2. A compensación realizarase de acordo co establecido para a compensación nacional no artigo 25.

3. Non terán dereito a compensacións os produtores que realicen vendas directas sen ter asignado ese tipo de cota nin nos restantes supostos a que se refire o punto 5 do artigo 25.

CAPÍTULO IV

Réxime de entregas a compradores

Artigo 8. *Entregas de leite.*

1. Fóra dos casos regulados no capítulo anterior, os produtores soamente poderán comercializar o seu leite mediante entregas a compradores autorizados. Para tal efecto, deberanse asegurar de que o comprador a que as vaian realizar está debidamente autorizado, conforme o establecido no capítulo seguinte.

2. Ao iniciaren as súas entregas, os produtores declararanlles, de forma que faga fe, aos compradores a cantidade de referencia individual de que dispoñan nese momento, así como as súas modificacións cando se produzan, utilizando o modelo que estableza a autoridade competente, que conterá polo menos a información recollida no anexo IV. No dito modelo figurará a súa conta bancaria para o aboamento das entregas, se o produtor así o desexa e, en todo caso, para a realización das devolucións das retencións á conta que procedan; así mesmo, deberá constar a súa autorización expresa para que o comprador acceda ás bases de datos da Administración para coñecer os datos do produtor relativos ao réxime da taxa láctea.

3. Por cada entrega de leite, os produtores recibirán do comprador, no momento de a realizar, un comprobante no cal se identifique o produtor e a unidade de produción mediante o código establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, así como o nome e números de identificación do comprador, a identificación da cisterna en que se reciba, a hora e data, a cantidade de leite entregada e, de ser o caso, constancia de que se tomaron mostras para a súa análise. O dito comprobante deberá recoller, polo menos, a información contida no anexo V. Nas mostras tomadas, cuxo número mínimo será dunha por mes natural, determinarase o contido de graxa do leite e, no caso de se tomaren varias mostras, determinarase en todas elas, aplicándose a media aritmética ao conxunto das entregas realizadas como o seu contido graxo.

4. Os produtores recibirán dos compradores, dentro dos 20 primeiros días de cada mes, información escrita, referida ao último día do mes inmediato anterior, sobre as cantidades de leite entregadas desde o comezo do período e a cota de que dispoñan nesa data. Así mesmo, emitirán ou recibirán deles, segundo o seu réxime tributario, a factura das cantidades de leite que lles entregasen no mes inmediato anterior, en que conste o detalle diario das entregas en cantidade, así como o

contido medio en graxa, os prezos, as bonificacións ou penalizacións e as retencións e os impostos aplicados.

5. Os produtores conservarán á disposición da autoridade competente as facturas e os comprobantes das entregas e dos pagamentos durante polo menos tres anos, contados a partir do final do ano ao cal correspondan. Estes documentos constitúen os elementos xustificativos do destino do leite comercializado.

Artigo 9. *Entregas simultáneas a varios compradores.*

1. Os produtores poderanlles realizar entregas simultaneamente a varios compradores autorizados.

2. En tal caso, deberán informar, de forma que faga fe, a cada un deles, dentro dos 25 primeiros días de cada mes, das cantidades entregadas aos demais nos meses anteriores do período, e facilitarlles unha copia do certificado obrigatorio que, para tal efecto, lles expedisen cada un dos restantes compradores. No dito certificado deberán figurar as cantidades mensuais co seu contido medio de graxa, conforme o modelo que estableza a autoridade competente, que conterá, polo menos, a información recollida no anexo VI.

3. Sen prexuízo do anterior, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), a través do sistema de información establecido no artigo 43, porá á disposición dos compradores autorizados o acceso á información consolidada das entregas conxuntas realizadas no período polos produtores aos que compran.

Artigo 10. *Cambio de comprador.*

1. Os produtores poderán cambiar de comprador autorizado ao cal lle realicen as súas entregas en calquera momento do período de taxa láctea.

2. En caso de cambio de comprador, despois de iniciado o período, os produtores comunicaranllo á autoridade competente, para o cal utilizarán o modelo que estableza a dita autoridade, que conterá polo menos a información que se recolle no anexo VII, dentro dos 15 días seguintes a partir da primeira entrega ao novo comprador.

3. No prazo de 20 días a partir da data en que reciba a súa última entrega, o comprador remitiralle, de maneira que faga fe, ao produtor que deixe de lle entregar a súa produción láctea, unha certificación das cantidades de leite, co seu contido en graxa, que lle entregase ao longo do período de taxa láctea en curso e, de ser o caso, das retencións á conta practicadas, para o cal utilizarán o modelo que estableza a dita autoridade, que conterá polo menos a información do anexo VIII.

4. Os produtores entregaranlles, de forma que faga fe, aos compradores autorizados aos cales comece a entregar a súa produción, dentro dos 25 días naturais seguintes á data de inicio das entregas, os seguintes documentos:

- a) A declaración a que se refire o artigo 8.2.
- b) A certificación recollida no punto 3.

CAPÍTULO V

Réxime xurídico dos compradores

Artigo 11. *Autorización.*

1. Calquera persoa física ou xurídica que desexe exercer a actividade de comprador deberá estar previamente autorizada. Esta autorización concederáa a autoridade competente nos termos e condicións establecidos neste real decreto. Todo isto sen prexuízo das compras realizadas directamente polos consumidores

aos produtores con cota de venda directa a que se refire o capítulo III.

2. A autorización poderase solicitar para exercer como comprador comercializador, como comprador transformador ou como operador loxístico.

3. Para obteren a autorización, terán que cumprir, con carácter xeral, os requisitos seguintes:

a) Non estar inhabilitado para o exercicio da actividade de comprador.

b) Estar ao día de todas as obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Dispor de locais adecuados e suficientes onde a autoridade competente poida examinar e controlar a contabilidade material e os demais documentos e rexistros que está obrigado a levar.

d) Comprometerse ao cumprimento de todas as obrigas derivadas deste real decreto e da restante normativa comunitaria e española aplicable.

e) Dispor dos medios informáticos e telemáticos adecuados para o cumprimento das obrigas establecidas neste real decreto.

4. Ademais, para seren autorizados, deberán cumprir tamén os seguintes requisitos específicos:

a) Para o caso do comprador comercializador:

1.º Estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas na epígrafe correspondente á actividade principal de comercializador maiorista de leite.

2.º Comprometerse a realizar compras exclusivamente a produtores, por un volume conxunto igual ou superior a cinco millóns de quilogramos de leite en cada período de taxa láctea.

3.º Ter á súa disposición os vehículos, cisternas, depósitos e demais medios necesarios e suficientes para recoller e transportar por conta propia o leite comprado e de maneira que se poidan identificar, en cada ruta de recollida, as entregas individuais que lle faga cada produtor. Estes medios non poderán ser utilizados por máis dun comprador simultaneamente nin transportar o leite mesturado co procedente doutras especies.

4.º Constituír a fianza establecida no artigo 14.

b) Para o caso do comprador transformador:

1.º Estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas na epígrafe correspondente á actividade principal de comercializador e industrializador de leite e produtos lácteos.

2.º Estar inscrito no Rexistro de industrias agroalimentarias e dispor do número correspondente.

3.º Estar inscrito no Rexistro xeral sanitario de alimentos establecido no Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre rexistro xeral sanitario de alimentos, na categoría de produción, transformación, elaboración ou envasado establecida no punto 2 do artigo 2 e ter asignado o número de identificación establecido no punto 2 do artigo 10.

4.º Ter á súa disposición os vehículos, cisternas e depósitos, así como instalacións industriais necesarios e suficientes para recoller, transportar, tratar e transformar por conta propia a cantidade de leite que pretenda comprar e de maneira que se poidan identificar, en cada ruta de recollida, as entregas que lle faga cada produtor. Estes medios non poderán ser utilizados por máis dun comprador simultaneamente nin transportar o leite mesturado co procedente doutras especies.

Os compradores transformadores artesáns quedarán eximidos do cumprimento do requisito establecido neste punto, no referido aos vehículos e cisternas.

5.º Declarar todos os produtos que fabrique ou vaia fabricar, con expresión dos seus equivalentes en leite.

6.º No caso dos compradores transformadores artesáns, comprometerse a adquirir leite a un máximo

de 10 produtores, por un máximo de 600.000 quilogramos, incluíndo as cantidades adquiridas a outros suxeitos distintos dos produtores.

c) Para o caso do operador loxístico:

1.º Os establecidos na alínea a).1.º, 3.º e 4.º

2.º Estar previamente autorizado como comprador comercializador ou transformador, cun volume total de compras no último período superior a 200 millóns de quilogramos.

3.º Que o obxecto social da persoa xurídica sexa a venda de leite ás industrias que pertencen ao seu mesmo grupo societario.

4.º Identificar todas as sociedades ou entidades que compoñen o grupo ou os grupos a que pertence, indicando as relacións existentes entre elas e a súa natureza.

5.º Comprometerse a realizar compras por un volume conxunto igual ou superior a 200 millóns de quilogramos de leite en cada período de taxa láctea.

5. O cumprimento dos requisitos recollidos nos puntos precedentes deberase acreditar documental-mente ou, cando proceda, formulando declaración con compromiso expreso e por escrito. Calquera modificación dos datos recollidos na solicitude de autorización ou na documentación que a acompañe, tanto antes como despois da resolución de autorización, deberá ser comunicada á autoridade competente no prazo dos 10 días seguintes á data en que se prodúcese.

6. Cada persoa física ou xurídica soamente poderá acceder a unha única autorización de comprador de leite a produtores. A autoridade competente poderá expedir documentos ou credenciais de autorización para a súa exposición ao público polo comprador.

7. Os compradores comercializadores autorizados soamente lles poderán comprar leite aos produtores, e vendérllelo, exclusivamente, a compradores transformadores, a operadores loxísticos ou a industriais.

8. Os compradores transformadores poderanlles vender leite a outros compradores transformadores ou a industriais, sempre que as ditas vendas non constitúan a súa actividade principal, sen prexuízo do disposto no artigo 28.

9. Os vehículos, cisternas, depósitos e demais medios necesarios e suficientes para recoller e transportar o leite a que se refiren a alínea a).3.º e a alínea b).4.º deberán estar identificados e rexistrados conforme o disposto no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos de leite.

Artigo 12. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados poderán presentar a solicitude de autorización, dirixida á autoridade competente, en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre o 1 de setembro e o 31 de outubro de cada ano. A dita solicitude realizarase empregando os formularios ou soportes que estableza a autoridade competente, que conterán, polo menos, a información que se recolle no anexo IX, e irá acompañada da documentación que nel se relaciona.

2. Todos os documentos que acompañen a solicitude serán orixinais ou copias compulsadas. A data de emisión ou de certificación de todos eles non poderá ser anterior en máis de 60 días á presentación da solicitude.

Artigo 13. *Tramitación e resolución.*

1. A autoridade competente poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere convenientes con carácter previo á resolución sobre a solicitude, entre elas a comprobación de locais, instalacións e medios. O resultado recollerase nun informe en que constarán as comprobacións realizadas. Cando se realicen estas comprobacións, cuxa finalidade é a de achegar os elementos de xuízo necesarios para resolver sobre a solicitude, o transcurso do prazo para resolver o procedemento e notificar a resolución, a que se refire o punto seguinte, suspenderase conforme o establecido no artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polo tempo preciso para levar a cabo as comprobacións, sen que esta suspensión poida exceder de 30 días a partir da notificación do seu inicio ao interesado.

2. A autoridade competente adoptará a resolución de concesión ou denegación e notificaralla ao interesado. En ausencia de resolución expresa, transcorrido o prazo de tres meses, contados de data a data, a partir da entrada da solicitude no rexistro do dito organismo, entenderase concedida, aínda que condicionada a que o interesado constitúa, de ser o caso, a fianza establecida no artigo 14.

3. Con independencia da data da resolución, as autorizacións terán efecto a partir do inicio do seguinte período de taxa láctea.

4. As autoridades competentes prestaranse a colaboración necesaria para a realización das comprobacións e verificacións establecidas no punto 1 cando os compradores dispoñan de instalacións en comunidades autónomas distintas daquela que debe tramitar a autorización, de acordo cos principios que deben rexer nas relacións entre administracións públicas recollidos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 14. *Fianza.*

1. Como garantía do cumprimento de todas as súas obrigas derivadas do réxime da taxa láctea, para poderen actuar como comprador comercializador ou como operador loxístico, os interesados constituirán ante a autoridade competente unha fianza inicial de 150.000 euros.

2. A fianza constituirase unha vez notificada a resolución expresa ou transcorrido o prazo da resolución presunta, ata o último día hábil de febreiro. De a fianza non ter sido constituída no dito prazo, a autorización como comprador quedará sen efecto.

3. O comprador comercializador e o operador loxístico poderán afectar a fianza prestada para o cumprimento de obrigas concretas, sempre que o seu importe sexa inferior ao da fianza. Se fose superior, deberaa complementar ata cubrir o importe total das obrigas. En tal suposto, para manter a autorización como comprador comercializador, deberaa repoñer ao seu importe inicial, no prazo dun mes, contado a partir da data en que a anterior quedou afectada.

4. A autoridade competente procederá a executar a fianza cando o comprador, debidamente requirido, non atendese as súas obrigas derivadas do cumprimento do establecido neste real decreto, en particular as de pagamento conforme o que establece a normativa tributaria.

5. A autoridade competente liberará a fianza constituída por un comprador cando a substitúa por outra ou cando perdese a autorización, verificado o cumprimento efectivo das súas obrigas.

6. A fianza a que se refire este artigo poderase constituir polos medios e, de ser o caso, co emprego dos modelos que determine a autoridade competente.

Admitiranse, polo menos, as seguintes garantías: aval bancario, seguro de caución ou depósito en efectivo.

Estes medios conterán, polo menos, a información que se recolle no anexo X.

Artigo 15. *Rexistro de compradores autorizados.*

1. A autoridade competente inscribirá nun rexistro os datos dos compradores autorizados, polo menos cos datos que se inclúen no anexo XXIII. Así mesmo, figurará no dito rexistro, en seccións independentes, de acceso restrinxido, a información:

a) Das persoas físicas ou xurídicas que perdesen a autorización.

b) Das persoas físicas ou xurídicas que solicitasen a autorización e lles fose denegada, e os motivos da denegación.

c) Das persoas físicas ou xurídicas inhabilitadas por sanción, durante o período de inhabilitación.

d) Dos industriais cuxa sede social se encontre no ámbito da autoridade competente.

2. Toda inscrición no rexistro deberá ser practicada pola autoridade competente. As novas autorizacións que afecten a sección de compradores autorizados levaranse a cabo unha soa vez ao ano e terán efectos desde o comezo do período seguinte de taxa láctea.

3. Os compradores autorizados serán identificados por un número de rexistro, baseado no seu número de identificación fiscal (NIF), que deberá constar en todos os documentos relativos ao réxime da taxa láctea.

4. O FEGA publicará na súa páxina web a relación completa e actualizada dos compradores autorizados para cada período de taxa láctea seguinte, a partir dos datos existentes no sistema SITALAC, establecido no artigo 43. A dita relación conterá, en seccións diferenciadas, os compradores comercializadores, os compradores transformadores e os operadores loxísticos.

Artigo 16. *Titularidade das autorizacións.*

1. A autorización de comprador de leite a produtores ten carácter persoal e intransferible e non constitúe dereito que poida ser obxecto de transmisión, salvo nos supostos, relativos a persoas físicas, por xubilación, declaración de ausencia, incapacidade ou morte. En tal caso, os sucesores na actividade económica poderán manter a autorización, e asumirán solidariamente todos os compromisos e obrigas do autorizado coa Administración, sempre que, no prazo dos seis meses seguintes, llo notifiquen á autoridade competente da súa comunidade autónoma para que comprobe o cumprimento dos requisitos exixidos para ser comprador autorizado.

2. Non obstante, nos supostos previstos no punto anterior, a instrución ao titular dun procedemento administrativo do cal puidese derivar a retirada da autorización comportará que a eficacia da transmisión quedará en suspenso, con carácter cautelar, ata que a resolución do procedemento adquira firmeza. Non procederá a transmisión se a resolución firme acordase a retirada da autorización.

Artigo 17. *Perda da autorización.*

1. A autoridade competente retirará a autorización de comprador nos seguintes supostos:

a) Por instancia do titular, por desaparición, incapacidade, xubilación ou morte, en caso de persoas físicas, ou por disolución, en caso de persoas xurídicas, ou pola perda sobrevida dalgún dos requisitos establecidos no artigo 11. Nestes supostos, o comprador comunicarllo á autoridade competente, de forma que faga fe, dentro do mes seguinte á data en que se produciron.

b) De oficio:

1.º Por incumprimento dalgún dos requisitos do artigo 11. No que refire ao requisito establecido no artigo 11.4.a).2.º, considerarase incumplido cando o comprador comercializador non alcance a cantidade mínima establecida naquel durante dous períodos consecutivos ou cando non alcance polo menos o 80 por cento dela nun período dado.

2.º Cando transcorran dous períodos consecutivos sen que o comprador transformador realizase compras de leite.

2. Cando transcorra un período sen que o comprador realizase compras de leite, a súa autorización considerase en suspenso e non estará obrigado a presentar, durante o segundo período tras o primeiro sen actividade, as declaracións establecidas neste real decreto. Se o comprador desexa continuar as compras no transcurso do segundo período, deberallo comunicar á autoridade competente que lle concederá a autorización no prazo establecido no artigo 12.1. Neste caso, a autorización volverase considerar en activo desde a data en que se declare a primeira compra.

3. A autoridade competente, con independencia do réxime sancionador, incoará o procedemento de retirada da autorización cando comprobe o incumprimento dos requisitos determinantes da súa concesión, nos termos previstos na normativa comunitaria e neste real decreto.

4. Nos casos de retirada da autorización que comporte a inhabilitación do titular, mentres esta subsista, os medios con que contase como comprador o inhabilitado non poderán ser achegados por ningún outro solicitante.

5. Durante a inhabilitación do comprador, non procederá nova autorización nos seguintes supostos:

a) Se o comprador inhabilitado é unha persoa física: ao seu cónxuxe nin aos que teñan con eles relacións de consanguinidade ou de afinidade, ata o segundo grao, nin tampouco ás persoas xurídicas nas cales tivesen participación, directa ou indirecta, nin nas cales desempeñasen un cargo de dirección ou representación, calquera que fose.

b) Se o comprador inhabilitado é unha persoa xurídica: ás persoas xurídicas nas cales participe ou polas cales sexa participada, directa ou indirectamente, nin tampouco ás persoas físicas que tivesen nelas participación ou a tivese o seu cónxuxe ou os que teñan con eles relación de consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao, nin ás que desempeñen nelas un cargo de dirección ou representación.

6. Con independencia da data de perda da autorización, esta manterá a súa vixencia, para os efectos das compras a produtores, ata o final do mes seguinte ao da súa notificación ao comprador, todo isto sen prexuízo do total cumprimento futuro das obrigas adquiridas durante o seu exercicio como comprador autorizado. A autoridade competente notificará de inmediato a perda da súa autorización aos produtores do seu ámbito que realicen entregas ao comprador afectado. Así mesmo, comunicarllo de forma inmediata ao FEGA, que dará traslado dela ás autoridades competentes das demais comunidades autónomas en que existan produtores que realicen entregas ao comprador afectado.

CAPÍTULO VI

Réxime de compras de leite

Artigo 18. *Altas e baixas de produtores.*

1. Os compradores autorizados darán de alta na súa contabilidade material todos os produtores aos cales

comprende leite, con efectos da data en que realicen a primeira entrega.

2. Os produtores que deixen de vender o seu leite a un comprador autorizado serán dados de baixa por este con efectos da data da última entrega realizada. Aos ditos produtores que causen baixa o comprador autorizado entregaralles, de forma que faga fe, o certificado das cantidades totais compradas no período de taxa láctea a que se refire o artigo 10.3.

3. Dentro dos 20 primeiros días de cada mes, os compradores autorizados comunicaranlle á autoridade competente os movementos de altas e baixas que se producisen no inmediato precedente, para o cal utilizarán o modelo que estableza a dita autoridade, que conterá, polo menos, a información que se recolle no anexo XI.

4. Os produtores cuxos balances anuais estean incluídos na relación declarada por un comprador autorizado, conforme o establecido no artigo 24, e figuren de alta ao final de período de taxa láctea a que correspondan, continuarán nesa mesma situación desde o primeiro día do período seguinte.

Artigo 19. *Documentación das compras.*

1. Cada entrega realizada por un produtor a un comprador autorizado deberase identificar e documentar cun comprobante que reúna os requisitos e detalles que figuran no artigo 8.3.

2. O comprador é o responsable de lle entregar ao produtor o comprobante citado, incluso cando alguén realizase a recollida no seu nome. Outro exemplar acompañará o leite transportado ata o seu destino, xunto cunha relación completa (folla de ruta) dos produtores de que proceda, identificados co seu NIF e a localización das explotacións, das cales figurará o código que teñan asignado polas autoridades competentes na materia.

3. Na descarga dos produtos transportados, serán pesados no seu conxunto, e expresarán o seu peso no ticket de báscula correspondente, así como a data e hora da pesada e a identificación da cisterna de descarga. Este documento unirase á folla de ruta, como comprobante das recollidas, e quedará baixo a custodia do comprador autorizado. No suposto de transvasamento a outro transporte ou a un depósito intermedio, reflectirase reciprocamente na documentación de ambos.

4. Os compradores transformadores cuxas compras totais sexan inferiores a tres millóns de quilogramos por período poderán empregar medidores volumétricos cando non dispoñan de báscula, sempre que poidan expedir un ticket que conteña a mesma información que o ticket de báscula e que se siga o procedemento descrito no punto anterior. Os compradores transformadores artesáns poderán utilizar calquera outro método para pesar ou medir o volume do leite descargado, sempre que manteñan un rexistro que conteña polo menos a mesma información que o ticket de báscula mencionado no punto 3.

5. Todos os documentos xustificativos das entregas correspondentes a un período de taxa láctea se conservarán á disposición da autoridade competente durante, polo menos, tres anos contados a partir do final do ano a que correspondan.

Artigo 20. *Contabilidade das compras.*

1. Os compradores autorizados deberán levar ao día a contabilidade material de todas as compras realizadas no período de taxa láctea tanto a produtores como a calquera outro suxeito que actúe no ámbito do sector lácteo. A contabilidade de cada período de taxa láctea conservarase á disposición da autoridade competente,

polo menos, tres anos, contados a partir do final do ano a que corresponda, xunto cos seus xustificantes.

2. O día 20 de cada mes deberán estar contabilizadas e documentadas todas as cantidades entregadas polos produtores e, de ser o caso, as compradas a outros operadores no mes inmediato anterior, e acumuladas coas dos meses precedentes do período. As ditas cantidades expresaranse en quilogramos, sen decimais, referidas ao contido representativo de graxa correspondente a cada produtor. Para tal efecto, os compradores autorizados analizarán en laboratorios homologados, polo menos, unha mostra tomada das entregas realizadas no mes por cada produtor. Nas compras a outros operadores, determinarase a graxa sobre unha mostra de cada transporte.

3. A contabilidade material rexistrarase en follas numeradas consecutivamente, numeración que se iniciará con cada período de taxa láctea. Destinarase unha folla independente, para o cal se utilizará o modelo que estableza a autoridade competente, que conterá polo menos a información que se recolle no anexo XII, a cada produtor ou a calquera outro operador ao cal realicen compras. A dita contabilidade poderase realizar e rexistrar por medios informáticos sempre que se recollan os mesmos datos con igual detalle e se poidan pór á disposición das autoridades competentes para os efectos oportunos.

Artigo 21. *Axustes por graxa.*

1. Na contabilidade material das compras de leite figurará o seu contido medio en graxa, expresado como porcentaxe en peso con dous decimais, do leite comprado mensualmente a cada produtor. Nos redondeos aplicarase a regra do cinco.

2. De se produciren diferenzas entre o contido en graxa do leite comprado, co representativo correspondente á cantidade de referencia individual, realizaranse os axustes cuantitativos necesarios conforme os coeficientes recollidos na táboa do anexo XIII.

3. O cálculo de equivalencias das compras totais de leite axustadas en graxa ao longo do período efectuarase aplicando ao total a porcentaxe media ponderada, en función das cantidades compradas mensualmente.

Artigo 22. *Facturación e pagamento das compras.*

1. As obrigas de facturación entre compradores e produtores polo leite entregado nun mes deberán cumprirse dentro do mes seguinte.

2. As facturas, ademais de cumpriren todos os requisitos legalmente exixibles, emitiranse cos seguintes:

a) Referiranse ao leite entregado e serán comprensivas de todas e cada unha das recolleitas realizadas. O detalle de cada entrega, coa súa data e cantidade, poderase expresar nela ou unir como documento adxunto, integrando a factura. Así mesmo, e con igual tratamento, quedará constancia da cota dispoñible de acordo cos datos de que se dispoña no momento de emitir a factura.

b) Expresarán o contido medio en graxa do leite, conforme o artigo 21.1.

c) Os premios ou penalizacións por calidade ou por calquera outro concepto terán expresión clara e detallada e deberán responder a criterios obxectivos, conforme os resultados de probas analíticas ou outros que se poidan acreditar documentalmente.

d) As demais establecidas no artigo 8.4.

3. Os pagamentos das facturas faranse obrigatoriamente mediante transferencia bancaria ou cheque nomi-

nativo cruzado a favor do produtor. En calquera caso, deberán conservar os documentos xustificativos tanto o comprador como o produtor.

4. As compravendas de leite entre outras persoas físicas ou xurídicas serán facturadas e pagadas cos mesmos requisitos e detalle que se recollen nos puntos 2 e 3.

5. As facturas e aos documentos acreditativos dos pagamentos aplicaráselles o establecido no artigo 19.4.

6. As facturas, xunto coa documentación acreditativa dos pagamentos e a das entregas (comprobantes, albarás, tickets de báscula, follas de ruta, relacións, boletíns de análise, etc.), constitúen a documentación xustificativa da procedencia do leite e a da súa contabilidade material.

Artigo 23. *Compras simultáneas a un mesmo produtor.*

No caso de que un produtor lles efectúe entregas simultáneas a varios compradores durante un período de taxa láctea determinado, estes deberánlle remitir dentro dos 20 primeiros días de cada mes un certificado elaborado de acordo co modelo que estableza a autoridade competente, que conterá, polo menos, os datos do anexo VI, en que figuren as entregas realizadas no mes inmediato anterior e o contido medio de graxa destas, e, no caso de non o facer, os produtores deberánlles exixir.

Artigo 24. *Declaración de compras e vendas.*

1. No período comprendido entre o día 1 de abril e o día 14 de maio ou o inmediato hábil anterior, en caso de ser festivo, os compradores autorizados presentaranlle á autoridade competente da comunidade autónoma, por medios telemáticos:

a) Unha relación dos balances da contabilidade material cerrados aos produtores, a que se refire o artigo 20, para o que utilizarán o modelo que estableza a autoridade competente, que recollerá, polo menos, a información contida no anexo XIV, en que se recollerán tanto a cantidade total de leite entregada como a corrixida en graxa e o importe aboado a cada produtor. No caso de anos bisestos, estas cantidades axustaranse reducindo nun sesentavo as correspondentes aos meses de febreiro e marzo.

b) Unha declaración en que se relacionen todas as compravendas de leite e produtos lácteos realizadas a calquera outro operador, segundo a contabilidade establecida no artigo 20, para o cal utilizarán o modelo que estableza a autoridade competente, que recollerá, polo menos, a información contida no anexo XV.

2. En igual prazo e polos mesmos medios, os compradores transformadores autorizados presentaranlle, ademais, á autoridade competente da comunidade autónoma unha declaración do uso dado a todo o leite comprado, con expresión detallada da cantidade utilizada como materia prima para a fabricación de cada un dos produtos, dos cales tamén constarán as cantidades, expresadas en equivalentes de leite, obtidas e comercializadas, tanto ao consumo como para sucesivas transformacións ou á intervención, para o cal utilizarán o modelo que estableza a autoridade competente, que recollerá, polo menos, os datos recollidos no anexo XVI. Na dita declaración tamén se farán constar expresamente as cantidades de equivalentes de leite que ao final do período de taxa láctea tivesen almacenadas como materias primas, as que se encontrasen en proceso de transformación e as almacenadas como produtos terminados. Como documentación xustificativa desta declaración consideraranse os partes de fabricación e de existencias

no período, así como a contabilidade financeira da empresa e a que dea soporte aos seus respectivos apuntes.

3. Os compradores autorizados que non efectuasen compras de leite durante o período de que se trate deberán declarar expresamente a dita circunstancia, en idéntico prazo.

4. Sen prexuízo da declaración anual de balances a que se refiren os puntos precedentes, os compradores autorizados presentarán ante a autoridade competente da comunidade autónoma, por medios telemáticos:

a) Dentro dos 20 primeiros días de cada mes, a declaración a que se refire o punto 1.a), correspondente ao mes inmediato anterior, para o cal utilizarán o modelo que estableza a autoridade competente, que recollerá, polo menos, a información recollida no anexo XVII.

b) Dentro dos 20 primeiros días dos meses de xullo, outubro, xaneiro e abril, a declaración a que se refire o punto 1.b), correspondente aos tres meses inmediatamente anteriores, para o cal utilizarán o modelo que estableza a autoridade competente, que recollerá, polo menos, a información contida no anexo XV.

Artigo 25. *Compensacións.*

1. Ao final de cada período, o FEGA determinará a contribución de cada produtor ao pagamento da taxa que corresponda tras ter reasignado a parte non utilizada da cantidade de referencia nacional asignada ás entregas, entre os produtores que superasen a súa cantidade de referencia individual, en primeiro lugar por comprador, e seguidamente, a escala nacional, de acordo co indicado neste artigo.

2. A compensación por comprador ou primeira compensación realizarase de acordo co seguinte procedemento:

a) Nunha primeira fase, cada produtor con exceso será compensado cunha cantidade fixa igual a 10.000 quilogramos. No caso de que as disponibilidades do comprador non permitisen acadar a dita cantidade, cada produtor será compensado cunha cantidade inmediatamente inferior, calculada de acordo coas ditas disponibilidades.

b) Nunha segunda fase, as demais cantidades dispoñibles reasignaranse entre os produtores que aínda teñan exceso sobre a cota sen compensar, e compensarase cada un deles coa cantidade resultante de repartir as disponibilidades proporcionalmente á cota de cada produtor. Esta segunda fase repetirase tantas veces como sexa necesario ata esgotar as disponibilidades ou ata compensar todos os produtores.

3. A compensación nacional ou segunda compensación realizarase de acordo co seguinte procedemento:

a) Nunha primeira fase, cada produtor que falte con exceso tras a primeira compensación será compensado, como máximo, por unha cantidade igual ao resultado de lle restar á cantidade fixa establecida no punto 2.a) a cantidade pola que xa fose compensado, sempre que a devandita diferenza sexa positiva.

b) Nunha segunda fase, todos os produtores que aínda teñan exceso sobre a cota sen compensar serán compensados proporcionalmente á súa cota. Para iso, en función das disponibilidades existentes, aplicarase unha porcentaxe, igual para todos os produtores, de maneira que cada un deles será compensado por unha cantidade máxima igual ao resultado de aplicar a dita porcentaxe á súa cota, menos as cantidades xa compensadas en primeira e segunda compensación, sempre que a diferenza sexa positiva. Este procedemento repetirase

de forma iterativa incrementando a porcentaxe, igual para todos os produtores, que se aplique, ata esgotar as disponibilidades.

4. Para aplicar os puntos 2 e 3, terase en conta o seguinte:

a) Ningún produtor poderá ser compensado por unha cantidade superior ao seu exceso sobre a cota. Así mesmo, ningún produtor poderá ser compensado con máis de 250.000 quilogramos en primeira compensación, nin con máis de 300.000 quilogramos de se sumaren ambas as compensacións, excepto que as disponibilidades en segunda compensación permitan aumentar esta última cantidade e que os produtores con excesos iguais ou inferiores fosen compensados totalmente.

b) Na primeira compensación, cada comprador poderá dispor do 80 por cento das cantidades de referencia individuais non utilizadas polos produtores que lle realizasen entregas durante o período considerado, e as demais cantidades pasarán á segunda compensación.

c) A primeira e segunda compensación, así como as súas fases, executaranse de forma secuencial, e o proceso poderá finalizar en calquera delas, en función das disponibilidades.

d) No caso de produtores que sexan cooperativas agrarias ou sociedades agrarias de transformación, a cantidade fixa establecida no punto 2.a) multiplicarase polo número de socios que reúnan a condición de agricultor a título principal.

e) No caso de produtores que realicen entregas a máis dun comprador, a cantidade de referencia individual que se deberá ter en conta en cada comprador será a cantidade proporcional de cota dispoñible en cada un deles.

5. En ningún caso se aplicará o sistema de compensacións:

a) Aos produtores que non teñan asignada cantidade de referencia individual.

b) Aos que a cedesen ou transferisen.

c) Ás declaracións presentadas con posterioridade ao 30 de xuño.

d) Ás cantidades postas de manifesto como resultado de actuacións de control.

CAPÍTULO VII

Réxime aplicable a industriais, transportistas e intercambios

Artigo 26. *Industriais.*

1. Os industriais deberanlle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea asentada a súa sede social, antes do inicio da súa actividade, a súa intención de adquirir leite para a súa transformación en produtos lácteos ou outros produtos, mediante unha declaración que conteña, polo menos, a información do anexo XVIII, de acordo co modelo que estableza a autoridade competente, en que detallarán os medios con que contan para acreditar a súa condición de industrial.

2. O órgano competente da comunidade autónoma poderá comprobar os medios de que dispoña o industrial, que estarán identificados conforme a normativa vixente. Para estes efectos, as comunidades autónomas prestaranse a debida asistencia mutua.

3. Os industriais, para os efectos deste real decreto, estarán obrigados a:

a) Contabilizar e documentar as compras e vendas de leite e doutros produtos lácteos que realicen, de

maneira que queden identificadas as cantidades e a súa orixe ou destino.

b) Emitir as facturas e realizar o pagamento das compras aos seus provedores segundo o artigo 22.

c) Presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma as declaracións, cos mesmos detalles, requisitos e efectos que os establecidos no artigo 24 para os compradores transformadores; entenderase que nas ditas declaracións quedarán identificados os clientes e os provedores.

d) Efectuar a declaración a que se refire o artigo 11.4.b).5.º e actualizala conforme o punto 5 do dito artigo.

e) Cumprir os requisitos establecidos para os compradores transformadores no artigo 11.4.b).1.º, 2.º e 3.º

4. As compras polos industriais aos compradores autorizados e, en xeral, calquera compravenda ou transporte de leite ou de produtos lácteos serán documentadas cos mesmos requisitos e exixencias establecidos nos artigos 19 e 20.

5. Os industriais poderanlles vender leite a compradores transformadores ou a outros industriais, sempre que as ditas vendas non constitúan a súa actividade principal.

Artigo 27. *Transportistas.*

1. O propietario do leite ou dos produtos lácteos transportados é o responsable de lle exixir ao transportista o cumprimento de todas as súas obrigas.

2. Para os efectos deste real decreto, o condutor que realice o transporte considerarase representante do propietario da mercadoría.

3. O condutor deberá manter permanentemente actualizado o documento folla de ruta conforme o modelo que estableza a autoridade competente, que conterá, polo menos, os datos que se recollen no anexo XIX e que permanecerá baixo a súa custodia ata a terminación do transporte, momento en que se trasladarán a quen se faga cargo do leite conforme o artigo 19.

Nela faranse constar as cantidades cargadas, con expresión da data, hora e lugar, depósito e propietario inicial do leite, e as descargas con igual información de destino. Cada movemento estará documentado cun albará de entrega, de báscula ou outro equivalente de comprobación. Durante o transporte, a folla de ruta estará á disposición das autoridades competentes.

Artigo 28. *Transaccións fóra do territorio peninsular español e das Illas Balears.*

1. Todas as transaccións, xa sexan compras ou vendas, de leite ou doutros produtos lácteos con orixe ou destino fóra do territorio peninsular español ou das Illas Balears deberanse contabilizar e declarar cos requisitos que os artigos 20, 21 e 24 establecen para os compradores autorizados. No caso dos outros produtos lácteos, a súa contabilidade e declaración expresaranse, ademais, polos seus equivalentes en leite.

2. A procedencia ou destino do leite e dos outros produtos lácteos e a súa contabilidade xustificaranse conforme o artigo 22.6.

3. Os suxeitos diferentes dos regulados no artigo 2.g) e h) que realicen actividades a que se refire este artigo, deberanlle comunicar á autoridade competente, antes do inicio das ditas actividades, a súa intención de as realizaren mediante unha comunicación que conteña, polo menos, os datos recollidos no anexo XVIII; en tal caso, non lles será de aplicación o establecido no artigo 4.3.

CAPÍTULO VIII

Xestión e recadación da taxa láctea

Artigo 29. *Retencións á conta da taxa.*

1. Cando ao longo do período de taxa láctea as cantidades entregadas polos produtores superen a cantidade de referencia individual asignada, practicaránselles as retencións que se regulan neste artigo.

2. Os compradores autorizados reteranlles aos produtores os importes que resulten de lles aplicar, ás cantidades superadas no mes precedente, o 10 por cento do tipo de gravame da taxa láctea establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, a partir daquel en que o produtor supere a súa cantidade de referencia individual.

3. As retencións practicadas figurarán expresamente nas facturas correspondentes ás entregas do mes ao cal se apliquen e detraeranse do montante final que debe percibir o produtor. Expresaranse co detalle dos quilogramos superados e do importe unitario aplicable a cada un deles.

4. No caso de que un produtor lles efectúe entregas simultáneas a varios compradores, cada un destes deberá aplicar retencións ás entregas que reciba a partir do mes en que se producise o exceso.

Para iso, deberán ter en conta as cantidades recollidas nos certificados obrigatorios expedidos polos outros compradores, que lles deben ser facilitados polo produtor a cada un deles, tal como se establece no artigo 9.2 e no artigo 23.

5. Se un produtor cambia de comprador e xa tivo exceso da súa cantidade de referencia, o novo comprador aplicará o importe da retención á conta a todas as cantidades entregadas.

6. Os produtores con cota de venda directa non están sometidos a retencións polas cantidades que a excedan, pero si polas que superen a súa cantidade individual de referencia de entregas a compradores autorizados.

Artigo 30. *Declaración e pagamento das retencións.*

1. Os compradores autorizados aboaranlle ao FEGA na conta establecida no punto 4 e declararanlle á autoridade competente da comunidade autónoma que lles outorgase a autorización o importe das retencións practicadas dentro dos 20 primeiros días naturais do mes seguinte a aquel a que correspondan. Para iso, utilizarán os modelos que estableza a autoridade competente para declarar mensualmente as retencións e para documentar o seu pagamento, que conterán, polo menos, a información recollida nos anexos XX e XXI, respectivamente.

2. Os compradores deberanlle remitir á autoridade competente, dentro dos 10 días naturais seguintes ao de cada ingreso, o orixinal do documento de pagamento debidamente dilixenciado pola entidade financeira, acompañado do detalle correspondente ás cantidades retidas aos produtores, que conterá, polo menos, a información recollida no anexo XXI.

3. Os montantes económicos que resulten da aplicación do disposto neste artigo terán a consideración de cantidades pagadas á conta da taxa láctea.

4. As cantidades retidas á conta aboaranse nunha conta única establecida polo FEGA para tal efecto.

Artigo 31. *Cálculo e liquidación da taxa láctea.*

1. O FEGA calculará o balance de leite producido e comercializado durante o período de taxa láctea en cóm-

puto nacional e determinará, de ser o caso, o exceso sobre a cantidade de referencia nacional. Para iso o FEGA utilizará a información das declaracións establecidas nos artigos 6 e 24 que consta no sistema de información establecido no artigo 43.

2. En caso de exceso, deducidas as compensacións a que se refiren os artigos 7 e 25, o FEGA calculará a liquidación da taxa láctea correspondente a todos os produtores polas cantidades devengadas aplicando o tipo de gravame correspondente.

3. Nas liquidacións practicadas aos produtores quedarán reflectidos, de ser o caso, os montantes retidos á conta da taxa láctea. O importe debido será o que resulte de deducir as citadas retencións.

4. Aos suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa láctea a que se refire o artigo 3.4 o FEGA calcularalles, en todo caso, a correspondente liquidación aplicando sobre as cantidades expresadas no mencionado artigo, sen compensación ningunha, o tipo de gravame establecido para o período de taxa láctea de que se trate.

Artigo 32. *Comunicación e notificación da liquidación.*

1. O FEGA comunicaralles ás autoridades competentes o importe da liquidación da taxa practicada:

- a) Aos compradores autorizados por cada unha delas.
- b) Aos produtores con cota de venda directa cuxas explotacións estean asentadas no seu ámbito territorial.
- c) Aos suxeitos pasivos recollidos no artigo 3.4.

2. A autoridade competente notificaralles o importe da liquidación da taxa láctea practicada aos suxeitos indicados no punto anterior.

3. As autoridades competentes notificarán as liquidacións antes do 1 de agosto seguinte ao peche do período de taxa láctea a que se refiran as liquidacións, excepto cando se trate das liquidacións a que se refire o artigo 38.

4. Os compradores autorizados darán traslado das mencionadas liquidacións a cada un dos produtores, con carácter previo á repercusión a que se refire o artigo 33.3.

5. Contra as resolucións de liquidación da taxa poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o presidente do FEGA, nos termos e prazos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Así mesmo, poderase interpor reclamación económico-administrativa perante o Tribunal Económico-Administrativo Central de forma directa ou tras a resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

Artigo 33. *Pagamento da taxa láctea.*

1. Os obrigados ao pagamento aboarán o importe debido segundo a liquidación practicada na conta única establecida polo FEGA para tal efecto, conforme o disposto neste artigo, nos prazos establecidos pola Lei 58/2003, do 17 de decembro.

2. O orixinal do documento «Orde de pagamento» (anexo XXII), debidamente dilixenciado pola entidade financeira, seralle remitido á autoridade competente da comunidade autónoma, dentro dos 10 días naturais seguintes á data do ingreso.

3. Os compradores repercutirán aos produtores o importe da taxa que aboasen por eles por calquera medio adecuado que quede documentado, mesmo deducíndoo das facturas correspondentes ás entregas que lles fagan a partir do mes en que a pagaron.

Artigo 34. *Devolucións.*

1. O FEGA transferiralles aos organismos pagadores das comunidades autónomas para a súa devolución aos produtores, dentro do período seguinte de taxa láctea, as cantidades retidas á conta nos supostos seguintes:

- a) No caso de exceso da cantidade de referencia nacional, os excesos das retencións á conta aos produtores sobre as liquidacións practicadas a cada un deles.
- b) No caso de que non se produza exceso, todas as cantidades retidas á conta.

2. Cando, por calquera causa, se tivese que practicar unha nova liquidación de taxa láctea que modificase outra anterior por minoración do seu importe e resultase unha cantidade que devolver, a autoridade competente, logo de transferencia polo FEGA a esta, efectuaralle a devolución ao comprador que, como suxeito pasivo substituído, realizou o pagamento, dentro do prazo que corresponda segundo a causa que orixinase a modificación. O comprador, nos 15 días naturais seguintes ao da recepción da devolución, aboará a parte que lle corresponda a cada produtor, aos cales, conforme o artigo 33.3, repercutiu previamente a taxa correspondente á liquidación posteriormente modificada.

3. O comprador, nos 15 días naturais seguintes ao da realización das transferencias a que se refire o punto anterior, comunicaralle á autoridade competente da comunidade autónoma as devolucións realizadas aos produtores. A devandita autoridade comunicaralles, pola súa vez, ao FEGA as devolucións realizadas aos produtores do seu ámbito.

CAPÍTULO IX

Controis

Artigo 35. *Réxime aplicable aos controis da taxa láctea.*

1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido na normativa comunitaria aplicable, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, na súa normativa de desenvolvemento e neste real decreto.

2. Poderán ser obxecto de control todas as persoas físicas ou xurídicas que interveñan en calquera das fases de produción e de comercialización do leite e produtos lácteos.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas realizaranlles os controis previstos no réxime de taxa aos produtores, compradores e industriais cuxas explotacións ou sede social, respectivamente, se encontren asentadas no seu territorio. Así mesmo, as autoridades competentes levarán a cabo os controis sobre os produtores, compradores ou industriais que resulten das actuacións realizadas por outras comunidades autónomas, ao abeiro do establecido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no marco do plan xeral de controis establecido no artigo 36.2.

Artigo 36. *Planificación dos controis.*

1. Para a realización dos controis será de aplicación o establecido nos artigos 19 a 22 do Regulamento (CE) n.º 595/2004 da Comisión, do 30 de marzo de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello.

2. O plan xeral de controis previsto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 595/2004 da Comisión será elaborado polo FEGA, en colaboración coas comunidades

autónomas, para cada período e conterá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Os criterios adoptados para a elaboración do plan.
- b) Os compradores e produtores seleccionados.
- c) Os controis sobre o terreo que se efectuarán durante o período de 12 meses.
- d) Os controis de transporte entre produtores e compradores.
- e) Os controis das declaracións anuais de produtores ou compradores.

3. Con independencia do citado plan, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de comprobación ou de investigación se considere precisas.

4. Os controis, en todas as súas actividades, tanto as de planificación como as de actuación, serán confidenciais e a documentación xerada terá carácter reservado.

Artigo 37. *Actuacións de control.*

1. As actuacións de control no réxime de taxa láctea serán realizadas por funcionarios públicos, debidamente acreditados pola autoridade competente para o exercicio de tales funcións, e desenvolveranse conforme os procedementos previstos na lexislación tributaria e neste real decreto. Non obstante o anterior, poderán ser auxiliados polo persoal de apoio que se considere necesario.

2. Poderán ser suxeitos de actuacións de control todos os mencionados no artigo 3, así como calquera persoa física ou xurídica que teña relación directa ou indirecta coas actividades reguladas no marco do réxime de taxa láctea.

3. Nas actuacións de control, os suxeitos sometidos a el estarán obrigados a colaborar cos funcionarios que as realicen e a pór á súa disposición toda a documentación que permita verificar o adecuado cumprimento das obrigas relativas ao réxime de taxa láctea: contabilidade principal e auxiliar, libros, facturas, documentos, o libro de rexistro a que se refire o artigo 14 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, así como o rexistro establecido no artigo 7.1 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, e demais xustificantes concernentes á súa actividade e, en particular, toda aquela documentación que permita verificar a procedencia e destino do leite e a coherencia entre as compras e as vendas declaradas.

En todo momento, os funcionarios actuantes terán acceso á contabilidade financeira e á material das compras e vendas realizadas, a todos os seus elementos xustificantes e a calquera outro que se considere oportuno, con independencia do soporte documental ou informático en que estea contida.

4. Igualmente, poderán acceder a todas as instalacións en que se desenvolvan actividades relacionadas ou que puidesen ter relación co réxime da taxa láctea, incluso aos equipos informáticos e de comunicacións.

5. Os funcionarios actuantes poderán solicitar copias documentais ou informáticas de toda a información posta á súa disposición, calquera que sexa o seu soporte.

6. Toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, está obrigada a colaborar nas actuacións e a subministrarlle por requirimento do órgano competente da comunidade autónoma todos aqueles datos, informes ou antecedentes derivados das súas relacións económicas ou comerciais cos suxeitos aos cales lles é aplicable o réxime de taxa láctea.

7. As actuacións de control documentaranse mediante dilixencias, comunicacións, actas e informes e cos documentos solicitados no curso daquelas.

Artigo 38. *Liquidacións derivadas das actuacións de control.*

As cantidades de leite comercializado que se poñan de manifesto como resultado das actuacións de control darán lugar á correspondente liquidación da taxa láctea, sen que proceda compensación de ningún tipo.

CAPÍTULO X

Réxime sancionador

Artigo 39. *Principios da potestade sancionadora.*

Serán de aplicación os principios da potestade sancionadora en materia tributaria nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 40. *Infraccións e sancións.*

As infraccións contra o disposto neste real decreto sancionaranse de conformidade co previsto no artigo 97 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na lexislación das comunidades autónomas e na normativa comunitaria de aplicación.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, aplicarase cando o feito infractor non estea tipificado nalgunha das normas anteriores.

Artigo 41. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento sancionador tramitarase, en todo caso, de forma separada ao de liquidación da taxa láctea.

2. O procedemento para a imposición de sancións en materia de taxa láctea será, segundo proceda, o establecido polo Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, aprobado polo Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, ou polas normas autónomas reguladoras dos procedementos sancionadores.

Artigo 42. *Órgano competente para a imposición de sancións.*

O órgano competente para a imposición de sancións será a autoridade competente da comunidade autónoma.

CAPÍTULO XI

Sistema de información do réxime de taxa láctea

Artigo 43. *Sistema de información do réxime de taxa láctea.*

1. A autoridade competente rexistrará en bases de datos informatizadas a información relativa á xestión e ao control do réxime de taxa láctea e garantirá o seu funcionamento actualizado. O seu funcionamento permitirá que a información contida nas ditas bases de

datos, as altas, baixas e modificacións, teñan un reflexo inmediato na base de datos establecida no punto 2.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, adscrita ao FEGA, unha base de datos que permita integrar a información contida nas bases de datos ás cales se refire o punto 1.

3. Establécese o Sistema de información da taxa láctea (SITALAC), que estará formado polas bases de datos establecidas nos puntos 1 e 2. O FEGA será o órgano responsable do seu funcionamento coordinado. Formará parte do SITALAC, nunha sección separada denominada RECAL, a información contida no rexistro a que se refire o artigo 15.1.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento do SITALAC.

5. O FEGA utilizará a información do SITALAC para o envío á Comisión Europea de toda a información que exixa a normativa comunitaria en materia de réxime de taxa.

6. As autoridades competentes establecerán as súas bases de datos de tal modo que os compradores e industriais poidan realizar as súas declaracións de forma telemática, conforme o establecido neste real decreto.

7. O SITALAC será accesible a todos os órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas, así como a produtores, compradores e industriais, para a información que lles compete e sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO XII

Coordinación do réxime de taxa

Artigo 44. *Mesa de coordinación do réxime de taxa.*

1. Constitúese a Mesa de coordinación do réxime de taxa, adscrita ao FEGA.

2. A Mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o presidente do FEGA.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Intervención de Mercados e de Xestión da Taxa Suplementaria da Cota Láctea, do FEGA.

c) Vogais: un representante da Subdirección Xeral de Vacún e Ovino e un representante da Subdirección Xeral de Ordenación e Boas Prácticas Gandeiras, designados pola Dirección Xeral de Gandaría, e un representante de cada comunidade autónoma que acorde integrarse neste órgano.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, polo menos, o posto de xefe de servizo na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Intervención de Mercados e de Xestión da Taxa Suplementaria da Cota Láctea, do FEGA, designado polo seu titular.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

4. A Mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nelas aplicárase a Lei 30/1992, do 26 de novembro. A Mesa reuniráse, mediante convocatoria do seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude de calquera dos seus membros, e como mínimo unha vez ao trimestre.

5. Son funcións da Mesa:

a) Propor as medidas necesarias que aseguren o funcionamento coordinado do réxime de taxa en todo o territorio nacional.

b) Proporlle ao presidente do FEGA o plan xeral de control aplicable a cada período de taxa establecido no artigo 36, así como os mecanismos de colaboración necesarios para realizar controis conxuntos en varias comunidades autónomas.

c) Establecer os criterios obxectivos a que fai referencia o artigo 3.4.b), de acordo co cal a autoridade competente poderá establecer o leite producido en función do número de cabezas da explotación.

d) Emitir informe sobre as propostas necesarias para adaptar a normativa nacional sobre o réxime de taxa á normativa comunitaria.

6. A Mesa poderá acordar a constitución de grupos de traballo específicos. En particular, a Mesa poderá acordar a creación dun grupo de traballo con capacidade de adoptar medidas de control que afecten varias comunidades autónomas, ante situacións de risco de fraude que requiran unha actuación inmediata.

7. Os gastos en concepto de indemnizacións por realización de servizos, axudas de custo e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes da Mesa serán por conta das súas respectivas administracións.

CAPÍTULO XIII

Novas tecnoloxías

Artigo 45. *Procedementos telemáticos de tramitación.*

Para garantir a uniformidade da información do sistema establecido no artigo 43, a presentación telemática das declaracións a que fan referencia os anexos XI, XIV, XV, XVII e XX axustarase aos deseños dos rexistros de entrada de datos recollidos nos ditos anexos.

Disposición adicional primeira. *Entidades asociativas.*

1. As entidades asociativas reguladas no artigo 6.a) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, que, en 1 de abril de 2004, estivesen autorizadas como compradores ou constituídas de modo que inclúisen no seu obxecto social a actividade de comercialización de leite, beneficiaranse das seguintes excepcións ao réxime xeral, sempre e cando as súas compras de leite procedan na súa integridade de produtores asociados:

a) Quedarán dispensadas da fianza exixida no artigo 14 para operaren como compradores comercializadores. Así mesmo, quedarán dispensadas da prestación de fianza as entidades asociativas que se constituán por fusión das anteriores.

b) A obriga prevista no artigo 11.4.a).2.º enténdese realizada cando se acade a metade do volume exixido. A dita proporción aplicarase ao réxime de adecuación do citado requisito a que se refire o punto 2 da disposición transitoria primeira.

c) Malia o disposto no artigo 11.7, as cooperativas agrarias de primeiro grao e as sociedades agrarias de transformación que teñan autorización como compradores comercializadores poderanlles vender leite ás cooperativas agrarias de segundo grao e ás agrupacións de sociedades agrarias de transformación nas cales estean integradas, sempre que, en 1 de abril de 2004, estivesen autorizadas como comprador comercializador, ou constituídas de modo que inclúisen no seu obxecto social a actividade de comercialización de leite.

Neste caso, as cooperativas agrarias de segundo grao e as agrupacións de sociedades agrarias de transformación estarán obrigadas a cumprir todos os requisitos e obrigas que se lles exixen neste real decreto aos

compradores comercializadores, sen prexuízo dos beneficios a que se refiren os dous parágrafos anteriores. Só poderán adquirir leite procedente das cooperativas agrarias de primeiro grao e das sociedades agrarias de transformación que estean integradas nelas.

d) Malia o disposto no artigo 11.8, no caso das cooperativas agrarias de primeiro grao autorizadas como compradores transformadores, as vendas de leite a outros compradores transformadores ou a industriais, poderán constituir a súa actividade principal.

Disposición adicional segunda. *Réxime especial insular.*

1. Aos compradores autorizados que adquiren leite exclusivamente a produtores con explotacións radicadas nas Illes Balears non lles será de aplicación o límite establecido no artigo 11.4.a).2.º

2. Malia o disposto no artigo 11.4.a).3.º, os compradores comercializadores que adquiren leite exclusivamente a produtores de explotacións radicadas nas Illes Balears poderán compartir medios de transporte con outros compradores simultaneamente. Para iso, deberán acreditar, de forma que faga fe, ante a autoridade competente da comunidade autónoma, que para cada transporte individual de leite queda identificada e documentada en todo momento a orixe do leite e a súa relación con cada comprador.

Disposición adicional terceira. *Información que se integra no SITALAC.*

A información contida no Rexistro de compradores autorizados (RECAL), establecido no artigo 16 do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, integrarase no SITALAC. Integrarase, así mesmo, no dito sistema toda a información relativa ao réxime da taxa láctea existente nas bases de datos do FEGA con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e, en particular, o Rexistro de compradores autorizados.

Disposición transitoria primeira. *Compradores con autorización vixente.*

1. As autorizacións a compradores vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto continuarán vixentes, sen prexuízo do establecido no artigo 17.

2. Os compradores autorizados no momento da entrada en vigor do Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, que fosen autorizados como comercializadores para os períodos 2005/2006 e seguintes, poderán alcanzar o volume mínimo de compras a que se refire o artigo 11.4.a).2.º da seguinte forma:

- a) No período 2005-2006: tres millóns de quilogramos.
- b) No período 2006-2007: catro millóns de quilogramos.
- c) A partir do período 2007-2008: cinco millóns de quilogramos.

3. Os compradores transformadores autorizados no momento da entrada en vigor deste real decreto acreditarán ante a autoridade competente o cumprimento do establecido no artigo 11.4.b).3.º, no prazo de tres meses contados a partir do día da súa publicación.

Disposición transitoria segunda. *Declaración por medios telemáticos.*

As declaracións que, de conformidade con este real decreto, deban realizar por medios telemáticos os compradores transformadores e industriais cuxas compras totais no período 2004/2005 sexan inferiores a un millón

de quilogramos poderanse presentar en soporte papel durante o período 2005/2006. A autoridade competente poderá establecer que as ditas declaracións se continúen presentando en soporte papel con posterioridade ao período mencionado, durante os períodos que considere necesarios.

Disposición transitoria terceira. *Autoridade competente durante os períodos 2005/2006 e 2006/2007.*

Durante os períodos 2005/2006 e 2006/2007, inclusive, a autoridade competente definida no artigo 2.j) será o FEGA. Todas as referencias contidas neste real decreto á autoridade competente ou á autoridade competente da comunidade autónoma se deberán entender referidas ao FEGA en todo o relativo ao dito período de taxa. Non obstante, a partir do inicio do período 2006/2007, as autoridades competentes das comunidades autónomas poderán asumir plenamente as funcións establecidas neste real decreto e notificaranllo previamente ao FEGA antes do 31 de decembro de 2005.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos en curso.*

Todos os procedementos administrativos, incluídas revisións, reintegros, aplicación de procedementos sancionadores e os actos que deles deriven, que se xeren como resultado da produción ou comercialización de leite de vaca no marco deste real decreto e da normativa aplicable ao réxime de taxa láctea con anterioridade á súa entrada en vigor, durante os períodos 2005/2006 e 2006/2007, serán resoltos ata a súa terminación polo FEGA.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 291/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Exceptúase do anterior o disposto no artigo 44.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas atribucións, para ditar cantas disposicións sexan necesarias e para adoptar as medidas precisas para a aplicación e cumprimento do establecido neste real decreto, en particular, para a modificación dos anexos, datas e prazos establecidos nel.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I**Equivalencias en leite dos produtos lácteos**

Para o cálculo da taxa aplicable aos produtos lácteos, a determinación do equivalente en leite realizarase conforme as seguintes equivalencias:

1. Equivalencia peso/volume do leite: 1,03 quilogramos = 1 litro.
2. Nata: 1 quilogramo de nata = 0,263 quilogramos de leite x % materia graxa da nata, expresado en masa.
3. Manteiga: 1 quilogramo de manteiga = 22,5 quilogramos de leite.
4. Queixos: equivalencia por cada quilogramo de queixo elaborado exclusivamente con leite de vaca:

Frescos: 1 quilogramo de queixo = 5 quilogramos de leite. Curados brandos: 1 quilogramo de queixo = 7 kilo-

gramos de leite. Os demais: 1 quilogramo de queixo = 9,5 quilogramos de leite.

